

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSONAL LABORAL DE  
ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

ACTA N° 7

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicerrector de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción da acta:

Maria Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marisa Magaz Ledo (CCOO, Presidenta )

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Federico Fernández Fernández -Escusa ausencia

Marcos Estévez Orge (CCOO)-Escusa ausencia

Carlos Román Lago (CIG)-Escusa ausencia

José Estévez Vázquez (CCOO)

Roberto Otero Ledo (CIG)-Escusa ausencia

Xosé Luciano Otero Camiña (CIG)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

Carlos Mollinedo (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente )

José Manuel García Eirín (CIG)

Alberte Pividra Rodrigo (CIG)-Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Angel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 10:00h, do 31 de outubro de 2018 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.
2. Propostas de ampliación das seguintes listas de agarda:
  - a. Técnico Especialista en Química
  - b. Técnico Especialista de Transporte e Distribución
  - c. Auxiliar Técnico de Servizos Xerais
  - d. Técnico Medio de Actividades Aeroespaciais
  - e. Técnico Superior de Microscopía Electrónica

## 1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

Apróbase e asínase a acta da reunión anterior de data 11 de outubro de 2018.

Comeza Carlos Mollinedo solicitando a reunión da Comisión de Seguimento e Comisión de política de emprego, xa que lle consta a existencia de prazas por riba da RPT.

A Xerenta responde que ante a urxencia da listas de agarda convocouse esta reunión para decidir sobre as mesmas. No referente aos contratos por riba da RPT engade que son contratos que viñan de atrás e que a Comisión de Emprego se reunirá en unha ou dúas semanas.

O presidente do CEO di que contratar por riba da RPT é algo extraordinario polo que se debe dar conta previamente aos comités.

A Xerenta responde non se comunicou nada dado a urxencia que as contratacóns requirían e engade que tampouco tiña coñecemento de ter que facer esa comunicación previamente.

## 1, 2 e 3. Listas de agarda de Auxiliar Técnico de Servizos Xerais, Técnico Especialista en Química e Técnico Especialista de Transporte e Distribución.

O Vicexerente de Recursos Humanos di que en todas as convocatorias se vai incluír un texto sobre a protección de datos.

Pablo Álvarez sinala que na titulación esixida se di “educación secundaria” e debe engadirse “obrigatoria”. En canto á puntuación total considera que se debe adaptar a puntuación que establece o convenio no Anexo III, b).1


A Xerenta está de acordo e responde que non habería problema sobre iso.

Manuel Marcos di que no último parágrafo da base quinta onde di “*En caso de empate terá preferencia a persoa candidata que obtivese maior puntuación na proba, no conxunto da fase de concurso ou en cada un dos seus apartados na orde na que figuran; de persistir decidirá a Comisión*” debería dicir que decide a maior idade, sorteo etc. Tamén di que se deben unificar criterios en relación ás preguntas de reserva, por exemplo poñendo unha porcentaxe.

O Presidente do CEO expresa que non está de acordo en retirar o tema de Igualdade. Di que como representante dos dous comités na Comisión de Igualdade quere que se inclúa este tema porque as listas de agarda en moitos casos convértese en porta de entrada para pasar a pertencer á Universidade de Vigo.

A presidenta do CEPO di que lle parece cargar demasiado o temario.

A Xerenta di que na anterior convocatoria había tres temas transversais: Igualdade, Transparencia e Protección de datos. A Área de Igualdade deixou a criterio da xerencia incluír ou non o tema de igualdade pero considera que non ve claro incluír ese tema como transversal si está ese só, debería haber máis. Quédase en estudiar o asunto.



# Universidade de Vigo

O Presidente do CEO di que na base primeira, punto 2 b) *Ter cumplidos 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa*, e lembra que os laborais non teñen idade de xubilación forzosa.

A Xerenta está de acordo co exposto e di que se pode especificar entre paréntese 65 anos.

## 4. Listas de agarda de Técnico Medio de Actividades Aeroespaciais

O Vicexerente de Recursos Humanos comeza dicindo que o temario que se achegou é o que se trasladou dende a Escola de Enxeñaría Aeroespacial.

O Presidente do CEO indica que no primeiro parágrafo da convocatoria onde di “atender as necesidades de persoal que poidan xurdir” debería decir “atender as necesidades de persoal que existen”. Por outra banda, a proposta de exercicio non é tipo test polo que na Base quinta, segundo parágrafo, debería corrixirse onde fala de “folla de respuestas do test”.

Pablo Álvarez di que as probas deberían ser tipo test. Quere que conste en acta que considera o temario excesivamente longo e que excede as condicións de calquera técnico medio ademais de que inclúe coñecementos doutras categorías como TETIC, etc.

A Xerenta repite que o temario é o que enviou a Escola de Enxeñaría Aeroespacial e entende que lles parece axeitado.

A presidenta do CEPO di igualmente que as probas deben ser unha teórica tipo test e outra práctica, para que sexa obxectivo. No que se refire ao temario, non ten nada que opinar por descoñecemento.

A Xerenta explica que tal e como está redactado non se descarta que o exame sexa tipo test.

O Vicexerente de Recursos Humanos di que falará co Director ou Subdirector do centro para tentar reducir o temario e tratar o asunto das probas. Engade que coa idea de acelerar o proceso, se trasladaría aos comités o novo temario sen necesidade de volver a ter unha xuntanza sobre este tema.


A Xerenta expón que segundo lle consta, na Xunta cóbrase unha taxa nos procesos de listas de agarda, así que na Universidade estudiarase a posibilidade de cobrala para sufragar os gastos que ocasiona por en marcha o proceso.

## 5. Técnico Superior de Microscopía Electrónica.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que hai dúas vacantes en RPT e non sabe se van formar parte da OEP do 2018. Cre que a prioridade non é tanta porque se hai en breve un proceso selectivo segundo o que se negocio na OEP, e iso xa xera unha lista de agarda. Considera oportuno deixar ata o mes de xaneiro a negociación desta lista ata saber o que se negocia na OEP.

O presidente do CEO tamén é partidario de aprazar isto.

A Xerenta solicita que antes de que volva a xurdir unha vacante ou unha baixa pódense fazer propostas. Solicita aos dous comités fazer propostas comúns.



# Universidade de Vigo

A presidenta do CEPO tamén considera que debe saír a OEP. Por outra banda pregunta con quen se contou para facer o temario da convocatoria.

O Vicexerente de Recursos Humanos responde que se contou co director do CAI e o responsable da Unidade de Microscopía Electrónica, e que o director do CACTI non participou. Engade ademais que dende xerencia solicitouse un parecer conxunto áinda que non se obtivo.

A Presidenta do CEPO solicita que no tribunal vaia PAS e non PDI.

A Xerenta conclúe dicindo que logo de todas as aportacións, revisaranse os aspectos formais das convocatorias e trasladaranse aos comités entendendo que se están de acordo se tentarán publicar no mes de novembro.

## Rogos e Preguntas

O Presidente do CEO solicita rematar o proceso de promoción interna e o concurso restrinxido de TESX.

Carlos Mollinedo pide desculpas por ter realizado a súa intervención ao comezo da reunión sen esperar á quenda de rogos e preguntas.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 12:00h

